

ATL3121. Investigador/a Enxeñaría - Proxecto FACENDO 4.0

(*) Esta oferta de traballo pertence ao proxecto **FACENDO 4.0** que xestiona atlanTTic. Este proxecto ten algúns paquetes de traballo desenvolvidos por persoas que non son membros de atlanTTic. Polo tanto, atlanTTic só é responsable da publicación da oferta de traballo e dos procesos administrativos correspondentes. Calquera outra responsabilidade relacionada con esta oferta de traballo correrá a cargo do grupo de investigación ofertante.

Número de prazas: 1
Tipo de contrato: Contrato por obra ou servizo
Xornada: Completa
Horas por semana: 40
Data prevista de comezo do contrato: 15/10/2021
Duración: 31/12/2021
Remuneración: 1.500€ - 1.700 € brutos/mes en función da valía do/da candidato/a
Lugar de traballo: Escola de Enxeñaría Industrial, Universidade de Vigo

Funcións do posto:

A persoa candidata traballará no proxecto FACENDO 4.0 do Programa 'Fábrica do Futuro, Fábrica Intelixente e Sostible da Industria 4.0' da Axencia Galega de Innovación, orientado a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras dentro da iniciativa Industrias 4.0_captación de investimentos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Desenvolverá as seguintes tarefas:

- Desenvolvemento e posta a punto de una unidade demostrador para o programa do proxecto.
- Apoio a campaña de medidas: análise de datos.
- Informará de maneira directa a o responsable do proxecto de acordo co programa de traballo e participará de maneira activa na xestión técnica do proxecto para tomar as decisións axeitadas ó desenrolo do mesmo.

Requisitos:

- Grao en Enxeñaría Eléctrica, Electrónica Industrial e Automática ou Enerxía ou Máster en Enxeñaría Industrial.
- Experiencia en programación en entorno Matlab.
- Experiencia en programación e deseño hardware con dispositivos de baixo custo (Arduino...).
- Coñecementos en sistemas eléctricos.

Criterios de avaliación:

- Experiencia nos aspectos indicados en requisitos (40%).

- Formación (40%).
- Entrevista (20%).

O comité poderá entrevistar aos candidatos/as con máxima valoración profesional e de formación para realizar unha entrevista presencial ou por medios telemáticos. No caso de que ningunha persoa candidata cumpra os requisitos exixidos a praza poderá declararse deserta.

Comité de Avaliación:

- Presidente: Camilo Carrillo González.
- Secretario: Eloy Díaz Dorado.
- Vogal: Enrique Casarejos Ruiz.

As persoas interesadas deberán enviar o seu CV á dirección rrhh@atlanttic.uvigo.es, indicando a referencia do posto no asunto da mensaxe.

Establecerase un prazo de reclamación de tres días hábiles a partir da publicación da lista provisional de candidaturas seleccionadas.

Data límite de recepción de candidaturas: 23 de setembro de 2021 ás 21:00 CET.